

DECRETO DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE BASES DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, DE UN POSTO DE PEÓN FORESTAL AO ABEIRO DA ORDE DO 7 DE XANEIRO DE 2022 (Aprol rural) (código de procedemento TR351G) (DOG núm. 21 do 1 de febreiro de 2022).

En Meis, Dna, Marta Giráldez Barral Alcaldesa-Presidenta deste Concello, dicta a seguinte Resolución:

Vista a resolución da Consellería de Emprego e Igualdade de data 27 de maio de 2022 ao abeiro da *Orde do 7 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) (código de procedemento TR351G)* (DOG núm. 21 do 1 de febreiro de 2022), o Concello de Meis pretende a contratación laboral temporal, durante 9 meses a xornada completa, de un peón forestal para a obra/servizo **REVALORIZACIÓN FORESTAL**, para a realización de tarefas relacionadas maioritariamente coa prevención de incendios nas faixas secundarias definidas pola lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, como son a planificación preventiva, a valorización forestal, a silvicultura, a limpeza de montes, a xestión da biomasa, co obxecto de proporcionarlles a experiencia e a práctica profesional necesaria para a súa inserción laboral.

Esta Alcaldía, no uso das atribucións que lle competen de acordo co artigo 21, g) da Lei reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVE:**

1. Aprobar as bases que rexerán a provisión, mediante concurso-oposición, da contratación de unha persoa desempregada, inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado e que estea dispoñible para o emprego.
2. A ocupación a ofertar será a de un peón forestal (código 9543), con carácter de laboral temporal durante nove meses a xornada completa.

Mándao e asínao a alcaldesa, do que, a secretaría DÁ FE.

Documento asinado electronicamente.

